



Tertulias Literarias

PROGRAMACIÓN

GRUPO A

(outubro – decembro 2012)

Todo cuanto amé, de Siri Hustvedt

Fermosa novela que nos achega á complexidade das relacións humanas, ao mundo da arte e a diferentes patoloxías psicolóxicas. Leo, un profesor de arte, de orixe europea e marcado polas persecucións nazis a súa familia, iranos narrando a forma en que coñeceu ao pintor Bill Wechsler, a raíz de mercar un cadro seu e como a partir dese momento ambos estarán unidos por unha profunda amizade.




Sol de inverno, de Rosa Aneiros

Unha nena chamada Inverno cóntanos como un terrible suceso a marcará totalmente. Ao estalar a Guerra Civil escaparon para Barcelona. Describe como era a súa vida alí, a fuxida a Francia, o barco Ipanema que as levará ao exilio a México e a Cuba, país onde se reencontra cos seus antepasados... Interesante obra que nos presenta unha memoria do exilio.

La boda de Chon Recalde, de Gonzalo Torrente Ballester

Dúas orfas dun capitán de navío fusilado polas súas ideas durante a Guerra Civil establécense no lugar de orixe da súa familia e esta situación serve ao escritor para trazar un inesquecible fresco da vida provinciana da época. Cristina e Chon Recalde buscan traballo e fan o posible para integrarse na sociedade que as rodea. A súa é a historia da resistencia á hipocrisía e a loita pola dignidade persoal.

Información tomada do resumo editorial



El insólito peregrinaje de Harold Fry, de Rachel Joyce


Mediante o sinxelo acto de camiñar, Harold comeza unha viaxe ao encontro de si mesmo, un longo percorrido, duro e pracenteiro á vez, que o levará a descubrir os verdadeiros sentimentos e desexos que ficaban adormecidos no seu interior e, por encima de todo, a exorcizar o terrible recordo que marcou a súa vida.

Información tomada do resumo editorial

Las uvas de la ira, de John Steinbeck

Forzados pola seca e o acoso dos bancos, os Joad, unha familia de granxeiros da Oklahoma empobrecida dos anos trinta, emprenden un angustioso éxodo ao longo da estrada 66 coa intención de atopar unha vida digna en California. No camiño só encontran miseria, fame, hostilidade, alí por onde pasan... Nada nen ninguén fará que abandonen o seu afán.

Información tomada do resumo editorial



GRUPO A